



MOCIÓN

As actividades extraescolares

As actividades extraescolares resultan imprescindibles para a formación dos nenos e nenas en idade escolar. Hoxendía realízanse, en boa medida, gracias ó voluntarismo/capacidade das APAS e do profesorado, pero por diferentes motivos, en moitos centros non existen e noutros teñen que ser sufragadas directamente polas familias.

Coa implantación case xeneralizada da xornada continuada esta situación vese agravada ó dispor os nenos e nenas de moitas máis horas libres, polo que se producen diversas situacións:

- *Asistencia a actividades pagadas polos pais, nos sectores de maior poder adquisitivo,*
- *Nenos e nenas que non asisten por diversas dificultades como poden ser problemas económicos, falta de transportes, falta de sensibilidade por parte dos pais e nais, etc.*

Ademais obsérvanse en moitos casos que existe unha diferenciación entre as zonas periféricas e urbanas no tipo de ofertas e pola falla de transporte, e que moitas das actividades que se ofrecen non son as máis axeitadas ás necesidades educativas e sociais. É evidente que a xusta igualdade de oportunidades non se está a dar, senón que, polo contrario se fortalecen as desigualdades e, consecuentemente, situacións de discriminación.

O BNG, preocupado por esta situación, considera que o Concello, como institución máis próxima aos cidadáns ten que abordar esta problemática facendo un esforzo serio para favorecer o benestar dos rapaces e rapazas, á procura de eliminar a desigualdade social; contribuíndo dende as políticas educativas e culturais da institución municipal para asegurar que se ofrezan actividades planificadas, gratuítas e con facilidades para que poidan asistir todo-os nenos e nenas das zonas periféricas e urbanas e que respondan os seguintes obxectivos:

- ✓ *Favorecer a saúde física e mental*
- ✓ *Fomentar a participación e a socialización*
- ✓ *Fomentar os valores medioambientais e o coñecemento do medio*
- ✓ *Fomentar os diferentes xeitos de expresión creativos: teatro, música, pintura, modelado, audiovisuais...*

Por todo isto, o **Grupo Municipal do BNG**, propón que ó Pleno adopte o seguinte

ACORDO:

- **Dotar de recursos económicos (Orzamentos–2001) un “Programa municipal de axuda ás actividades extraescolares”** de colaboración coas APAS, garantindo como mínimo unha actividade a cada neno ou nena, a igualdade de oportunidades e a asistencia dos rapaces e rapazas de todo o concello, facilitándolles un medio de transporte.
- **Presentar a programación ó Consello Escolar Municipal** para o seu debate e informe.

Vilagarcía de Arousa, 9 de xaneiro de 2001

Xosé Castro Ratón
Voceiro

SR. ALCALDE – CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA